

## CARAVANA

Aquela caravana sempre igual, sempre á mesma hora, cos mesmos rostros e os mesmos coches. Entrar na cidade para ir ó traballo estíbese convertendo en algo insufrible. O home que levaba os seus fillos ó colexio no Ford Fiesta tiña cada día peor cara; a señora morena, fea, bastante maior e de extravagante peiteado levaba canda ela o seu can, un sambernardo de enorme tamaño. Cando lle coincidían diante, coma daquela, o can poñía as súas poutas sobre o asento traseiro e amosaba a súa cachola por tras do cristal, ameazándoa. Non lle facía caso. Abondo tiña con pensar na estrada, no tempo que estaba perdendo, en que ía chegar tarde, na bronca do encargado e na cara de chuvia que collía o ceo. Moitas veces pensara en adiantar, en deixar atrás toda a ringleira de automóbiles, en perdelos de vista e chegar ó seu traballo rápida e comodamente. Pero, naturalmente, iso era unha tolada, un degoiro perfectamente inútil. Non deixaban de pasar coches de fronte, e nas escasas ocasións nas que non viña ningún, non había tampouco tempo de atopar un oco antes de que aparecese o seguinte.

Xusto iso foi o que lle pasou a aquel Audi Victoria que apareceu de súpeto non sabía de onde, dalgún lugar detrás, adiantando a todos na cola e situándose ó seu lado. Viu como viña o primeiro coche polo carril contrario, como se botaba á cuneta, como o Audi rebasaba o Seat Ibiza que o precedía, como se metía baixo das rodas dun camión que non puidera frear nin esquivalo, e a cara pálida do camioneiro, todo entremetres se desviaba cara á dereita para evitar un golpe de rebote e pensaba no tolo ou desesperado que tiña que estar o conductor para arriscarse dese xeito.

Aparcou o Talbot preparándose para un desagradable espectáculo de sangue, ferros retortos e corpos irrecoñecibles. O camión estaba parado no medio da estrada e o Audi desaparecera por completo debaixo del. O camioneiro e o conductor do outro coche, que se espetara contra as paredes do barranco, anicábanse a carón das rodas, discutían, erguíanse, ollaban arredor e detrás do camión, e volvíanse anicar. O círculo de xente ía medrando. Escoitábanse voces illadas. “Ía conducindo unha muller”,

dicían, “íala soa”. E, “non debeu quedar nada”, “xa non lle hai que facer”. O camioneiro deitouse no chan e reptou por baixo do seu vehículo. Despois saíu aínda máis pálido. Ela creu que se ía desmaiar. Absurdamente, só se lle ocorreu ollar o camión e asombrarse de que non presentase desperfecto ningún.

—Señorita, ¿vostede non o viu? —díxolle o camioneiro. O outro home fitábaa cun aire de desvarío.

—¿O Audi? —dixo ela—. Claro que o vin. Vostede non ten ningunha culpa.

—Non é iso —insistiu el—. E que... ¿viu saír algo polo outro lado?

—¿Saír? ¿Quere dicir por detrás do camión?

—Non está debaixo —explicou o home.

Ollounos con incredulidade e debrozouse a mirar. Debaixo do camión non había nada.

A segunda vez aconteceu en pleno inverno. Xeara e o asfalto estaba duro e esvaradío. A caravana seguía aumentando, o mesmo cá súa desesperación e a tentación de ceder a un impulso: dar un volantazo e adiantar a toda aquela grea de conductores torpes e adurmiñados. Cun bo reprise non era tan difícil. Voar e deixalos alí chantados, á espera de que, por algún motivo, se aliviase o tráfico e puidesen poñerse a andar, como se fosen a algún sitio. De repente sentiu que non ían a ningures, que nunca se ían mover de alí. A riada de coches en sentido contrario non cesaba e ela xa comezaba a comer as uñas.

Un Peugeot 309 saíu dun lugar situado dous ou tres coches por detrás do seu e lanzouse á aventura. Viu como catro ou cinco dos que viñan de fronte se arredaban e chocaban entre si, nun intento imposible de evitalo. Viu que a conductora era unha moza que se lle parecía lixeiramente, tamén loira, tamén con gafas e con moita presa. Viu que ía soa e que lle sorría á morte que lle viña de cara, e viu que desaparecía canda o seu coche antes de dar contra ningún.

A partir de aquí todo foi unha reprodución da vez anterior. Os mesmos xestos de incredulidade, de aborrecemento ou de arrepío, as mesmas voces de lástima, os mesmos berros, os mesmos espaventos e as mesmas

preguntas. “¿Vostede non a viu?” “Era unha moza, ía soa.”

Os xornais falaban xa dun suicida conductor fantasma, e daban profusión de detalles, inventados na súa maior parte, e por suposto esaxerados. Non sabía de ninguén que puidese identificar á conductora, ou que a vise de cerca; sen embargo non faltaban testigos que informasen da súa idade, da forma do seu rostro e das súas roupas. As versións contradiciáanse, e mentres algúns a imaxinaban de pelo escuro e de mediana idade, outros crían que era loira, de ollos azuis (¡pero se levaba gafas!), alta, delgada e moi nova. Nin sequera había acordo universal en que fose muller. O señor con cara de úlcera que levaba os seus fillos á escola tódolos días saíu nunha revista sensacionalista dicindo que era un home e que levaba pelo longo e bigote. Nesa mesma revista instruían sobre un accidente mortal sucedido naquel punto uns anos atrás, e identificaban a vítima ca “Fantasma da caravana”.

Ese accidente non existira. Revisou os periódicos nas datas citadas pola prensa, percorreu hemerotecas e redaccións, falou cos xornalistas que levaban as seccións de sucesos e chegou á conclusión de que todo era unha montaxe. Só a desconcertou outra entrevista, publicada noutra revista, na que unha testemuña describía a rapaza tal como ela a vira, e engadía algúns detalles que lle pasaran desapercibidos, como o de que tiña unha cicatriz na fronte —e ó ler isto tocou inconscientemente a súa propia cicatriz—, que tiña aire de oficinista e que, aínda así, resultaba moi atractiva. Cavilou que a “fantasma” tiña moitas concomitancias con ela. Iso do aire de oficinista... Preguntouse se a testemuña non estaría facendo a súa descrición porque a vira na caravana ese día e tomáraa coma modelo para poder aparecer na prensa. Fíxolle gracia, e reconfortouna que dixese que era atractiva. Procurou esquecer o asunto ó ver que non adiantaba nada, mais con todo cada vez que pasaba por alí e había caravana —é dicir, a maioría dos días cando ía para o traballo— engurrábase e víñalle unha suor fría e acelerábaselle o pulso só de pensar que ía ter que volver velo, se sucedía de novo.

E sucedeu. Foi ós dous días da folga xeral. O cabrón do encargado, un destripaterróns esquirolo chegado a máis, con aires de novo rico e menos

conciencia ca un can, descargou con ela a carraxe polo día perdido. Berroulle diante de todo o mundo por chegar cinco minutos tarde e foillo laretar ó xefe. Por iso aquel día tiña máis presa ca nunca. Non quería perder ese emprego. Éralle absolutamente necesario. Pero aquel atasco nas portas da cidade xa a estaba superando. Non o aturaba máis. Tiña que tomar unha determinación. Pensou na cara picada das vexigas do encargado e sentiu noxo. Dominouna a arela de pisar o acelerador, de pechar os ollos e estar xa perante a oficina aparcando o coche e collendo o ascensor. E entón soubo o que ía ver. Sempre que se deixaba vencer por eses sentimentos era o mesmo. Un Volkswagen Polo saíu dun espazo situado unhas cantas prazas por detrás do seu Talbot e rebasouno a toda velocidade. Unha rapaza loira, de lentes, remotamente parecida a ela e se cadra nova (non sabería precisar se “con aire de oficinista”) ía soa no auto e sorriulle ó pasar. De fronte viña un Ford Escort que, ó intentar frear, fixo un trompo na estrada e esfarchouse contra o Citroën ZX que o seguía. O Volvo, coma decote, desapareceu, pero nesta ocasión si que se tivo que atopar co sangue, os ferros retortos e as fisionomías desfiguradas. Dous dos ocupantes do Ford morreron, ela tivo que axudar no traslado dos feridos e, por suposto, chegou tarde, moi tarde, ó traballo.

Xurou que ía deixar a casa da vila e coller piso na cidade. Sería unha perda económica importante, mais a súa saúde resentiríase de non facelo. Non podía trasladarse ata que os rapaces acabasen as clases e aínda faltaban dous meses. Decidiu aproveitalos para buscar algo bo e económico. Sabía que non lle ía resultar fácil, sen embargo tiña que atopalo. Mentres tanto preparouse para seguir viaxando tódolos días, mentalizouse para aturar con paciencia os retrasos e as perdas de tempo, e convenceuse de que nunca máis ía ver aquilo, o que queira que fose, e se o vía, peor. Todo sería cousa de non se poñer nerviosa, de non lle facer caso e, se podía, aparcar o coche e arredarse. Tamén lle quedaba outra solución: Ir antes cara á cidade. Erguerse máis cedo e ter aínda máis sono atrasado. Tería que falar coa rapaza para que lle quedase cos nenos máis tempo.

En dúas ou tres oportunidades repetíronse as aparicións, alucinacións ou como se dixese, sen maiores consecuencias que unha noticia nos periódicos

e algunhas visitas ós adiviñadores e ós psicólogos. A última vez, había só dous días, cambiaron as cousas. A rapaza apareceu no Peugeot 205 que ía detrás, ó seu carón, e puido vela moito antes de que se puxese a adiantar, mesmo antes de que se formase a caravana. Soubo que estaba alí, e soubo quen era polo arreguizo que lle baixou inmediatamente polo lombo e lle premeu nos riles. Durante varios quilómetros tívoa ás costas, vendo como lle sorría polo retrovisor e como lle acenaba e facía xestos de simpatía. Nunca ata entón se asustara ó vela —o que sentía era máis unha sorte de grima, algo similar a unha vasca—, mais daquela o terror máis abxecto apoderouse dela. O desexo irreprimible de adiantar non foi motivado polo interese en non chegar tarde, senón pola necesidade de afastarse de alí o máis rapidamente posible. Cando ía facelo, sen reparar nos coches que viñan polo outro carril, sen se preocupar do camión que neses momentos se aproximaba a toda marcha e repleto de carga, a que adiantou foi a outra. Adiantou e saudouna coa man a xeito de despedida antes de meterse debaixo do trailer. Viuse coma nunha repetición da primeira vez, coma nun pesadelo, e trousou.

E ese día non a viu aparecer. Ía tensa, temendo que en calquera momento se amosase ó seu carón, sorríndolle con ese vago aire de familia que lle daba dereito a irromper na súa vida, coa simpatía das vellas camaradas, con ese remoto parecido que as igualaba e que facía que moitos conductores a ollasen con desconfianza. Comprobou varias veces que o coche que a seguía non fose o mesmo. Non. Non aparecía. Pero agora si que xa non podía soportar a tortura. Anhelaba estar en calquera sitio, menos alí. Tiña presa, moita. Non quería ver máis o home da úlcera, nin os idiotas dos seus fillos, nin o can ameazante da señora do peiteado extravagante, nin os múltiples coches, trailers, camións e furgonetas que viñan de fronte coma un río. Quería adiantar, adiantar e afastarse, pisar o acelerador a fondo e perderse para sempre, non ter que rebaixarse máis diante do encargado por chegar tarde, non ter que volver rodar por esta estrada. E os coches que non paraban, os coches que viñan cara a ela e a sobrepasaban e deixábana alí, fixa naquel lugar do que era imposible moverse, coma se fose unha tartaruga, un lento caracol nunha ringleira de

tolleitos; os camións que tocaban as bucinas e pasaban, e os conductores que a miraban con medo ó cruzarse; as motos raudas e ruidosas, un río inacabable que viña contra ela.

Puxo o pé no embrague, meteu a marcha e apertou o acelerador, mentres unha man se lle pousaba suavemente nos ombros e a súa voz dicíalle:

—¡Adianta!

XOSÉ MIRANDA

ILDA NOGAREDA (editora), *Relato contemporáneo*, Xerais, Vigo, 1995.